



Tertulias Literarias

PROGRAMACIÓN xaneiro – marzo 2018

Patria, de Fernando Aramburu



O día en que ETA anuncia o abandono das armas, Bittori diríxese ao cemiterio para contarlle á tumba do seu marido o Txato, asasinado polos terroristas, que decidiu volver á casa onde viviron. Poderá convivir con quen a acosou antes e despois do atentado que trastornou a súa vida e a da súa familia? Poderá saber quen foi o encapuchado que un día chuvioso matou o seu marido, cando volvía da súa empresa de transportes?

Entrega: 15 xaneiro

Comentario: 29 xaneiro

El mapa y el territorio, de Michel Houellebecq



Se o protagonista desta novela tivese que contarlle a historia, quizá comezase falándolles dunha avaría do quentador. Ou do seu pai, arquitecto coñecido e comprometido, con quen pasou a soas moitas noites do Nadal. Evocaría a Olga, unha rusa moi bonita, á que coñece ao principio da súa carreira na exposición inaugural da súa obra fotográfica. Isto sucede antes de que chegue o éxito mundial coa serie de «oficios», retratos de personalidades captados no exercicio da súa profesión.

Entrega: 29 xaneiro

Comentario: 19 febreiro

De noche, bajo el puente de piedra, de Leo Perutz



Historia de historias, relato de relatos ambientado na Praga do século XVI, "*De noche, bajo el puente de piedra*" fálanos do emperador Rodolfo II, rei de Bohemia e emperador do Sacro Imperio, amante das artes e paranoico; do gran rabino Loew, místico e vidente; e do riquísimo xudeu Mordejai Meisl e a súa bela esposa Esther, elo entre a corte e o gueto.

Entrega: 19 febreiro

Comentario: 5 marzo

Amor é unha palabra coma outra calquera, de Francisco Castro



Carla, a protagonista desta novela, organiza a vida arredor do amor, do seu amor, do amor co que vive, do amor que soña, do amor que lle falta. O amor aprendido nas películas rosa, nas cancións melódicas, nas novelas cursis. Carla, en definitiva, organiza a vida arredor de seu home, pero, que acontece cando ese centro de gravidade un día colle a porta e marcha?, e que acontece se, ademais, un cadáver aparece dentro da casa para acabar de darlle a volta a todo?

Entrega: 5 marzo

Comentario: 19 marzo

La habitación de Nona, de Cristina Fernández Cubas



Unha nena sente unha envexa crecente cara á súa irmá Nona a quen todo o que lle ocorre é especial. Unha muller ao bordo do desafiuzamento confía nunha benévola anciá que lle convida a tomar café... Cristina Fernández Cubas revisita a infancia e a madurez, a soidade e a familia, a cotidianidade das nosas casas e as nosas cidades e descóbrenos que en todos eles talvez aniñen inadvertidos o misterio, a sorpresa e o calafrío.

Entrega: 19 marzo

Comentario: 9 abril